



ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCESO SELECTIVO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL: BOLSA DE EMPREGO DE FORMADOR/A-TITOR/A DA ESPECIALIDADE FORMATIVA DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS: ALEGACIÓNS Á BAREMACIÓN DE MÉRITOS

A Laracha, 24 de febreiro de 2026

Sendo as 09:30 horas , o tribunal designado no proceso selectivo para a creación bolsa de emprego de formador/a-titor/a da especialidade formativa de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, reúnese o 24.03.2026 para resolución ás alegacións á valoración de méritos

Preséntanse as seguintes alegacións á fase de concurso:

O 18 de marzo de 2026, rexistro de entrada nº 202699900000344, Gloria Muñoz Avila presenta alegacións por un Máster relacionado con Servizos Sociais e un diploma de formadores dixitais que ela considera que debería ser valorado como formación académica.

O Máster relacionado con Servizos Sociais a candidata non o presenta xunto coa solicitude polo que o Tribunal non llo pode ter en conta para a valoración de méritos.

En canto ó diploma de formadores dixitais, as bases citan textualmente : “Valoraranse titulacións académicas distintas da esixida como requisito, sempre que estean directamente relacionadas co posto”. Este tribunal considera este curso non está directamente relacionado co posto ó que se refire esta convocatoria polo que non se pode valorar como formación académica. Polo que se desestima a alegación.

O 23 de marzo de 2026, rexistro de entrada nº 202699900000344, María Inmaculada Vázquez Mendez presenta alegacións por non terlle en conta na parte de “ Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional” o tempo traballado como Pedagoga xa que presentou contrato en entidade de Promoción e integración de persoas xordas FAXPG e certificado de funcións e vida laboral. Tamén expón que a entidade social FAXPG levaba a cabo proxectos de apoio á formación e integración laboral de persoas xordas, constituíndose como axencia de colocación e participando nesa data en proxectos europeos Horizon para a integración sociolaboral. E que como pedagoga participou nas tarefas de apoio á formación e na elaboración, seguimento e apoio formativo de proxectos de formación e emprego, así como acompañamento-apoio de accións formativas externas.

Este tribunal considera que esta experiencia laboral non ten nada que ver coas funcións do posto convocado polo que non se poderían valorar como experiencia. Desestímase a alegación.

Finalizada a resolución das alegacións, faise público o resultado definitivo na fase de concurso:

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

APELIDOS	NOME	DNI**	FORM. ACADÉMICA (2,5P)	CURSOS (3P)	EXPER. DOCENTE (5,5 P)	EXPER. PROF. (3,5P)	TOTAL
MUÑOZ ÁVILA	GLORIA	***2416**	1,25	3	3,45	0	7,7
OUREIRO MARINO	ANDREA	***2651**	0	3	0	3,5	6,5
VAZQUEZ MENDEZ	MARIA INMACULADA	***5598**	2,1	2,5	2,75	3,5	10,85
LOPEZ RAFALES	VERÓNICA	***0242**	0,6	0,5	2,85	3,5	7,45

Asina dixitalmente a secretaria do Tribunal electronicamente.